



BOLETÍN SINDICAL

Nº 7 - Maio 2008

1º de maio

dia internacional da clase

traballadora pola soberanía nacional

non á represión

non á temporalidade

non ao desemprego

non á precariedade

non aos baixos salarios

por un modelo socioeconómico

xusto e sustentábel

Contra a criminalización

Máis de 70 traballadores teñen procesos xudiciais abertos polas folgas do Metal e da Construción

As recentes mobilizacións e negociacións dos convenios de sectores tan importantes e estratéxicos como o metal e a construción na provincia de Pontevedra deixaron un importante número de detencións, citacións, e no último caso, mesmo a imputación de tres dirixentes sindicais da CIG pola ocupación do edificio da Xunta durante a folga do naval do 2007, o que deixa en evidencia que modelo sindical está a criminalizar o Goberno do Estado e a Xunta de Galiza.

O último caso é esta denuncia da Consellaría da Presidencia da Xunta, na que se imputa meses despois a seis sindicalistas como responsábeis da ocupación e dos feitos acontecidos no Edificio da Xunta durante a folga do naval. Están inculcados por formaren parte do comité convocante da folga no que estaban representados os catro sindicatos (CIG, CUT, CCOO e UGT). Das seis persoas tres son representantes da CIG, dúas de CCOO e unha de UGT. Os imputados da CIG son Miguel Malvido, secretario nacional da Federación do Metal da CIG, Antolín Alcántara, secretario confederal de Negociación Colectiva, e Víctor García, responsábel do Naval.

Miguel Malvido considera que estas denuncias, que se deron a posteriori, teñen “unha clara intención de meter medo, no sentido de “coidado co que se fai, porque iso ten consecuencias”. No fondo o que se pretendía era cuestionar o propio conflito en si, a propia reivindicación dos traballadores, e poñer en dúbida as demandas do movemento obreiro”.

Ademais Malvido prevé que “cada vez vaia haber maior represión contra todo aquilo que signifique a loita obreira e contra toda aquela conflitividade social que se provoque polas reivindicacións dos traballadores”.

As folgas do Metal

Falamos tamén con Manuel Simón, secretario comarcal do Metal, que relatou como no 2006 na negociación do convenio detiveron a 20 traballadores. Aqueles que tiñan xuízo por danos materiais xa



Miguel Malvido: “No fondo o que se pretendía era cuestionar o propio conflito en si e poñer en dúbida as demandas do movemento obreiro”

foron xulgados, e quedan pendentes todos aqueles que foron detidos o día da carga policial “cando iamos entrar na estación de Renfe”. A raíz da folga seguinte do naval, polo cumprimento do convenio, no 2007, detiveron a seis afiliados da CIG e en marzo deste ano chegou a última denuncia na que están imputados dirixentes sindicais. Dos tres imputados, só un deles estaba no comité de folga, que era Víctor García, e o outro que estaba no comité de folga que era o propio Manuel Simón, engade que “non detiveron o comité de folga, que son os que en principio dirixían o conflito, senón que foron a polas persoas coñecidas sindicalmente”.

Desde que a CIG colleu maioría simple no metal mudou a dinámica da negociación, fanse asembleas e os traballadores son partícipes das decisións que se toman. O mesmo aconteceu no sector da Construción desde que a CIG conta con maioría absoluta no sector na provincia de Pontevedra. Isto non lles gusta nin á patronal nin aos sindicatos estatais que levan moito tempo co seu hábito de faceren convenios en Madrid e afastados do poder de decisión dos traballadores.

Simón subliña que “o noso modelo sindical ten acollida nos traballadores, que nos están a dar o seu apoio e iso non lles gusta nin a gobernos nin a patronais nin

a outros sindicatos. Equivócanse os que pensan que con represión van conseguir pararnos porque a historia nos demostra que coa loita dos traballadores e das traballadoras se conseguen as melloras que se buscan”.

A represión na Construción

Neste momento hai 54 traballadores da Construción con causas xudiciais abertas pola súa participación no conflito da Construción, tanto na folga de maio como na de outubro do ano pasado. Perigosos pais de familia de Salvaterra, das Neves, de Vigo, de Redondela teñen que estar presentándose, nalgún caso mesmo semanalmente, nas comisarías ou xulgados para demostrar que non van fuxir ao estranxeiro.

Alberte Fernández, secretario comarcal da Construción de Vigo, describe como foi este proceso nestas folgas: “foron redadas masivas, mesmo polas rúas, nun plan de asustar máis que de controlar accións concretas nas cidades. Noutras zonas foron perseguidos os piquetes polos coches polas denuncias de empresarios, sobre todo na zona rural. Aínda se continúa chamando á xente para ir declarar. A maioría dos casos da primeira folga foron sobresidos, o que demostra que eran imputacións máis para asustar que para denunciar feitos concretos. Hai casos moi graves como o caso dunha persoa que ás seis da mañá, cando saía para o choio, foi detido pola Garda Civil ás portas da súa casa como nos tempos máis escuros”.

Na construción esta persecución foi por etapas, xa que na folga do mes de maio, que só convoca a CIG, tivo incidencia en canto á citación de traballadores, pero arquiváronse os casos. Na folga de outubro, apoiada por CCOO e UGT, nos datos que manexa a CIG é que só á xente que estaba ao redor da central sindical foi citada e en maior número que na de maio. Todo indica, polo tanto, que hai unha mensaxe clara ao sindicalismo que representa a CIG. Xoán Xosé Melón, secretario nacional da Federación da Construción da CIG, conclúe que “se está forzando a situación para que se presione ao movemento sindical que representa a CIG de mobilización, confrontación e enfrontamento ao sistema e á patronal. É unha chamada de atención para forzar a base sindical para sentar algún precedente e dar algún tipo de mensaxe para frear a actividade



Manuel Simón: “O noso modelo sindical ten acollida nos traballadores, e iso non lles gusta nin a gobernos nin a patronais nin a outros sindicatos”




Alberte Fernández: “A maioría dos casos da primeira folga foron sobresidos, o que demostra que eran imputacións máis para asustar que para denunciar feitos concretos”



Melón: “Estase forzando a situación para que se presione ao movemento sindical que representa a CIG de mobilización, confrontación e enfrontamento ao sistema e á patronal”

da xente máis reivindicativa”. Parece evidente que o Goberno tomou posición a favor dos empresarios, e non queren exemplos de loitas reivindicativas como os convenios da construción e do metal en

Pontevedra. Teñen medo que estas loitas se amplifiquen e trasladen ao resto dos convenios e representan unha explosión de dignidade, que transforme favorablemente as condicións de traballo e de salario.



Os traballadores da Construción da provincia de Pontevedra galardoados co Premio do Día da Clase Obreira Galega



Os traballadores da Construción da provincia de Pontevedra, protagonistas da principal mobilización desenvolvida en 2007, foron os galardoados na segunda edición do Premio do Día da Clase Obreira Galega, que celebrou a CIG o 4 de marzo nunha gala en Compostela á que asistiron unhas 200 persoas, entre sindicalistas da central e representantes de organizacións políticas, culturais e sociais do país.

Respecto dos galardoados, o secretario xeral da CIG, Suso Seixo, salientou as conquistas obtidas grazas ás mobilizacións que protagonizaron o ano pasado. Unhas melloras que non só supuxeron subas salariais, senón tamén a consecución de dereitos sociais dos que nunca gozaran

os operarios do sector. Seixo destacou o feito de que a CIG liderase este conflito grazas a ser o sindicato maioritario na Construción en Pontevedra, con máis do 50% da representación.


Xoán Xosé Melón, secretario nacional da Federación da Construción, foi un dos encargados de recoller o galardón e, na súa intervención dedicou unha emotiva lembranza a Lois Obelleiro, recentemente finado, a quen se referiu como “compañeiro entregado en corpo e alma á clase traballadora galega e á CIG”.

Loitadora polo ensino en galego

Xosefa Baamonde, de CIG-Ensino, foi a outra homenaxeada na gala, en recoñecemento ao labor sindical que vén

desenvolvendo desde que participou na fundación da UTEG, en 1974, até hoxe, e o seu incondicional compromiso con Galiza e a nosa lingua. Non se pode esquecer a enorme dedicación de Xosefa Baamonde á defensa do idioma, loita que lle ocasionou represalias como a sanción que sufriu en 1981 por ser unha das primeiras docentes que impartiu aulas en galego.

A gala finalizou coa actuación musical do dúo conformado por Mini e Mero, que deleitaron os presentes cun breve percorrido polo seu repertorio de música tradicional, patriótica e antifascista. O acto foi clausurado posteriormente co canto do Himno Nacional.



As traballadoras de ISS Facility Services mantiveron unha folga de 58 días

Premio do Día da Muller Traballadora a unha loita exemplar e solidaria



A Secretaría da Muller da CIG outorgou o premio do Día da Muller Traballadora, na súa II Edición, ás traballadoras da empresa multinacional concesionaria do servizo de limpeza do concello de Santiago, ISS Facility Services, que protagonizaron unha das folgas máis longas das que se teñen vivido en Galiza.

O Premio do Día da Muller Traballadora foi concibido como un recoñecemento simbólico ao labor de mulleres e colecti-

vos de mulleres na loita por dignificar as súas condicións socio-laborais e salariais, e por superar a situación de discriminación que, pola súa condición de mulleres, adoitan padecer.

Nesta II Edición ese recoñecemento foi para as traballadoras da concesionaria do servizo de limpeza de Santiago, ISS Facility Services, que coa súa mobilización constante conseguiron visibilizar “as condicións laborais que padecen as mulleres nun sector como este e converteuse nun claro exemplo de enfrontamento contra as políticas de contratación dunha multinacional”, explicaba M^a Carme López Santamariña, secretaria confederal da Muller no acto de entrega.

Pero alén do enfrontamento coa dirección dunha multinacional, esta loita sindical, pola súa duración, nin máis nin menos que 58 días de folga, e pola unidade inquebrantábel das traballadoras que a levaron a cabo, foi un exemplo da coraxe e compromiso con que asumen as mulleres os conflitos cando acordan comezalos. “Foron valentes e non se renderon. Foron solidarias entre elas, ao proceder ao reparto do fondo de solidariedade entre as traballadoras afiliadas e as non afiliadas e un claro exemplo para todas e todos nós de que un colectivo pequeno de mulleres ten a suficiente forza para, a través das súas reivindicacións, acadar o cambio” recoñecía López Santamariña.

O galego: pasos adiante e atrás.

O galego, lingua propia e nacional de Galiza, vén enfrontando nos últimos tempos unha campaña de hostilidade manifesta por parte de grupos e colectivos de orientación españolista que, aínda que minoritarios, se están deixando facer oír. Obviamente, a amplificación das súas protestas polos medios de comunicación é debida á histórica posición a respecto do galego dos grupos mediáticos e empresariais que controlan os devanditos medios.

Coñecido é non só o escaso uso que da lingua galega fan a case totalidade dos medios de comunicación que actúan no noso país, senón tamén como manteñen, uns e outros, unha liña editorial de agresión sistemática ante calquera proposta ou avance en materia de normalización do noso idioma. Xornais como La Voz de Galicia ou o Faro de Vigo-La Opinión ofrecen case a diario informacións, moitas veces totalmente interesadas, cuestionando a utilidade da lingua, a extensión dos seus usos sociais e a pertinencia de calquera medida que promova a súa dignificación e a súa normalización social. As últimas destas informacións tendenciosas teñen por obxecto impedir maiores cotas de galego nas vindeiras oposicións a mestres e profesoras que van ter lugar no noso país.

Cómpre dicirmos tamén que esta pertinaz ofensiva españolizadora está a ser amparada, cando non ditada e dirixida, desde os despachos do Partido Popular (PP) en Galiza, nos que o sr. Núñez Feijoo e os seus non dubidan mesmo en esnaquizar o xa en si fráxil consenso creado en torno á lingua galega na época en que Fraga Iribarne foi presidente da Xunta, e que permitiu –menos é nada- aprobar por unanimidade no Parlamento galego un Plan Xeral de Normalización Lingüística.

Outro dos casos recentes que ilustra o acoso ao que teñen sometida a nosa lingua determinados sectores e colectivos ten por protagonista a unha xuíza compostelá, a maxistrada

Ana López-Suevos Fraguela (na actualidade, titular do Xulgado do Social núm. 2 de Santiago de Compostela), quen acaba de ser vítima dunha denuncia perante o Consello Xeral do Poder Xudicial polo simple “delito” de permitir o desenvolvemento en galego dun xuízo no seu Xulgado. Hai que dicir que quen promoveu esta denuncia é, nin máis nin menos, que Radio Popular, S.A., a propietaria da Cadena Cope, cadea de radio na que é maioritaria a Conferencia Episcopal e que representan uns valores do máis dereitoso, españolista e reaccionario. Fronte a isto, só nos queda aos que defendemos e pulamos pola normalización do noso idioma, nun momento ademais en que existe un certo devalo no seu uso (nomeadamente, nos ámbitos máis urbanos e na xente máis nova en idade), perseverarmos no combate constante en prol da lingua galega: na casa, na empresa, no centro de ensino, no de saúde, na administración e en todos cantos lugares desenvolvemos a nosa vida diaria.

Previsto un Encontro nacional sobre lingua e mocidade traballadora

Dentro dunha nova campaña de normalización lingüística que vai desenvolver a

nosa central sindical, está prevista para o vindeiro 16 de maio a realización, na comarca de Compostela, dun Encontro nacional sobre lingua e mocidade traballadora, promovido polo Departamento de Normalización da CIG, dependente da Secretaría de Formación Sindical e Comunicación.

O obxectivo do devandito Encontro é xuntar arredor de 200 delegados/as sindicais para contribuír ao reforzo da súa consciencia lingüística e discutir acerca de futuras accións normalizadoras para a xente nova no mundo laboral. No Encontro haberá varias comunicacións referidas á normalización do noso idioma, con participación de cadros do sindicato, responsábeis de normalización lingüística, técnicos e expertos na materia, etc. Están xa confirmadas as presenzas da profesora da Universidade da Coruña e ex deputada nacionalista Pilar García Negro, do presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Carlos Callón, así como de Héctor López de Castro, avogado da Asesoría Xurídica Nacional da CIG, e mais de Rafa Villar, como responsábel técnico do Departamento de normalización. Así mesmo, no Encontro vanse programar actuacións de tipo musical e/ou teatral, como complemento das comunicacións e táboas redondas que se realicen.



18 de Maio: Defendermos o galego na rúa

Promovida pola Mesa pola Normalización Lingüística, e apoiada por dúcias de organizacións e colectivos sociais do país (entre eles, a CIG), convocouse para o vindeiro 18 de maio unha manifestación nacional na capital de Galiza.

O obxectivo fundamental da mobilización que vai transcorrer polas rúas compostelás é a existencia de facermos valer os nosos dereitos lingüísticos como galegofalantes, nun momento en que ademais desde determinados sectores do españolismo máis belixerante se están a cuestionar as aínda escasas iniciativas para normalización da nosa lingua que se están a impulsar desde os poderes públicos galegos.

De aí que sexa fundamental a mobilización dos sectores sociais comprometidos coa reivindicación do noso idioma, e xa non só por volta da data do 17 de maio, Día das Letras, senón tamén coa súa actitude, constante e consciente, en prol de ir gañando espazos para a lingua galega. Nese sentido, desde o mundo do traballo, e nomeadamente desde o sindicalismo nacionalista, pensamos que é importante a implicación de todos e todas na angueira diaria de dignificación, promoción e defensa do noso idioma.

De feito, a CIG está a comezar a desenvolver unha nova campaña de normalización da lingua galega nos centros de traballo, co fin de promover unha maior presenza do galego nas relacións laborais e no mundo do traballo. A devandita campaña pretende tamén concienciar os traballadores e traballadoras a respecto do uso da nosa lingua e da súa posta en valor tamén no mundo do traballo, así como denunciar as situacións de discriminación por mor do uso do noso idioma no ámbito dos centros de traballo.

manifesto

POLO DEREITO A VIVIRMOS EN GALEGO

As persoas e entidades que apoiamos a manifestación nacional "Polo dereito a vivirmos en galego" este 18 de maio de 2008, declaramos:

Consideramos que vivir en galego é un dereito inalienábel das persoas na Galiza, e un dos dereitos humanos elementais que temos como pobo. Lembramos que o galego é o único idioma natural de Galiza, e que mesmo o Estatuto de Autonomía o cualifica como "a lingua propia" do país, o que nos une como galegas e como galegos. O pobo galego ten dereito a que a súa lingua ocupe todos os ámbitos da vida social propios de calquera idioma, con dignidade e con normalidade.

Consecuentemente, deben existir as garantías para podermos vivir en galego, o que exige compromisos, así como a aplicación e a adopción das disposicións legais necesarias por parte das Administracións públicas.

Denunciamos e alertamos contra os que, apuntándose agora á defensa dun suposto bilingüismo, un bilingüismo dunha soa cara, pretenden unicamente o mantemento da diglosia e a desaparición do galego. Ou, o que é o mesmo, a negación do dereito colectivo á normalidade de usos da nosa lingua en todos os ámbitos.

Chamamos ao compromiso persoal de todas e todos coa lingua galega. Usémola en todos os ámbitos: comezando pola familia, coas nosas nenas e nenos, no noso traballo, nas relacións coa administración, no noso tempo de lecer, etc. O futuro do galego depende de nós.

**Manifestación nacional,
18 de maio ás 12:00 h.
na Alameda de Compostela.**

Polo dereito a vivirmos en galego



Primeiro de Maio, Día do Internacionalismo Proletario

Por un modelo socioeconómico xusto e sustentábel

Na actualidade, no momento histórico de maior capacidade tecnolóxica, produtiva e de avances científicos, da máis alta posibilidade para producir alimentos e da máis elevada creación de riqueza, xustamente agora é cando a humanidade está máis ameazada no seu desenvolvemento e reprodución. O modelo económico é destrutivo co medio ambiente e os recursos naturais, máis da metade da poboación do planeta está en situación de pobreza extrema e máis de 3 millóns de persoas morren ao ano por falla de alimentos. A riqueza que crea a clase obreira co seu traballo está concentrándose en menos mans, mentres os salarios perden valor e se precarizan as condicións de traballo.

Esta é a realidade que a clase traballadora podemos ver e experimentar dende o lado máis privilexiado do sistema, dende os países que acumularon maior riqueza nos últimos séculos e aínda hoxe, entre outras razóns, pola espoliación e sometemento colonial de nacións e continentes enteiros. Agora, a poboación indíxena destes países antes colonizados e a súa clase traballadora está a ser utilizada como man de obra barata, retribuída a menos dun dólar por hora polas grandes compañías transnacionais europeas, norteamericanas ou asiáticas. Son as nosas grandes empresas, que aquí nos ameazan con trasladarse a lugares con salarios máis baratos, mentres reciben constantemente por parte dos Estados millonarias subvencións e os seus beneficios acadan proporcións indecentes e contrarias a un reparto social, solidario e xusto da riqueza.

No informe do ano 2007 a OCDE recoñece que nos oito últimos anos as em-

presas no Estado español aumentaron os seus beneficios netos nun 73%, máis do dobre que a media da UE, que se incrementou nun 36.6%. Pola contra, os salarios aumentaron neste mesmo período o 3,7%, cinco veces menos que na UE, que rexistrou un incremento do 18,2%. Estes resultados obedecen á política de pactos que nestes anos están asinando CCOO e UGT coa Patronal en Madrid para a negociación dos convenios, na que de xeito recorrente acordan a contención no incremento dos salarios. Por tanto o noso traballo crea unha inmensa riqueza que está sendo expropiada para engordar as grandes fortunas, e todo isto coa colaboración voluntaria e agradecida do sindicalismo español.

Mentres as empresas soben os prezos das mercadorías para acelerar as súas ganancias, provocan unha inflación que pagamos a clase traballadora, e multiplican a nosa perda nas rendas do traballo pola contabilidade do IPC, xa que este indicador prexudica aos salarios máis baixos, que en Galiza son a inmensa maioría. Polo resultado destes salarios as nosas pensións son as máis baixas do Estado. Neste 1º de Maio, día do Internacionalismo Proletario, como clase traballadora en Galiza, debemos mobilizarnos por un novo modelo socioeconómico en beneficio da maioría da humanidade e da propia natureza. A nosa inmensa forza no noso país e a nosa contribución ao mundo debe desenvolverse dende a normalidade dun país soberano, coa nosa cultura, coa nosa lingua e coa nosa forza de traballo como principais activos da nosa riqueza como pobo.

VIVA O 1º DE MAIO

MANIFESTACIÓNS CONVOCADAS

VIGO. Ás 12:00 horas, con saída da Doblada.

PONTEVEDRA. Ás 12:30 horas, da Praza da Ferrería

OURENSE. Ás 12:00 horas do Pavillón dos Remedios.

A CORUÑA. Ás 12:00 horas da Praza de Vigo

FERROL. Ás 12:00 horas da Avda. de Esteiro (diante do local do sindicato)

SANTIAGO. Ás 12:30 con saída da Praza Roxa

LUGO. Ás 12:30 horas da Ronda da Muralla (diante do local do sindicato)

A MARIÑA. Ás 12:30 horas de Arcadio Pardiñas (diante do local da CIG)

